

NORMATIVA DE PROGRAMAS ACADÉMICOS DE SIMULTANEIDADE DE DOBRES TITULACIÓNS DE GRAO CON ITINERARIO ESPECÍFICO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(aprobada en consello de goberno do 30 de xullo de 2025)

Preámbulo

A Universidade de Vigo é unha institución pública á cal lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior e, como tal, ten o compromiso de acadar os maiores niveis formativos para o seu estudiantado.

O Real decreto 822/2021 establece, no artigo 24, as características e os requisitos para implantar os programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico.

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que calquera estudante poida cursar de forma simultánea dous estudos de grao, mediante a proposta dun programa académico de simultaneidade de dobres graos (PAS2G) elaborado polos centros respectivos sobre os plans de estudos oficiais.

Esta formación combinada debe responder a unha demanda concreta do tecido empresarial reflectida na memoria de cada programa de simultaneidade. Como esta demanda vai en aumento, cómpre establecer unha normativa xeral na Universidade de Vigo que regule estas posibilidades, de acordo co reflectido no Real decreto 822/2021.

Por isto, o Consello de Goberno, na súa sesión do 30 de xullo de 2025, acorda aprobar a Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao con itinerario específico na Universidade de Vigo.

Artigo 1. *Obxecto*

Esta normativa ten por obxecto regular os programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao con itinerario específico na Universidade de Vigo.

CAPÍTULO I

Planificación académica dos programas de simultaneidade

Artigo 2. *Propostas de dobre titulación con itinerario específico*

1. As propostas de novos PAS2G deben incluír:

- a) Titulacións que obterá o estudanteño.

- b) Memoria xustificativa na que quede constancia da oportunidade da súa implantación e dos beneficios para o estudantado.
 - c) Duración do programa.
 - d) Centro responsable do programa de simultaneidade.
 - e) Centro(s) de impartición do ensino.
 - f) Seguimento do programa.
 - g) Número de prazas.
 - h) Planificación das ensinanzas.
 - i) Táboa de recoñecementos de créditos.
2. Se a proposta é unha modificación da planificación dun programa de simultaneidade existente, ademais dos puntos anteriores, deberá incluír unha táboa de adaptación de materias.
3. As propostas deben ser aprobadas polas xuntas dos centros responsables das titulacións de grao.

Artigo 3. *Titulacións*

1. Débense indicar as titulacións de grao que o estudantado obterá ao superar todas as materias do itinerario específico.
2. Un título de grao poderá incluírse, como máximo, en tres programas de simultaneidade.

Artigo 4. *Centro responsable*

O PAS2G estará asignado, para os efectos de xestión académica, a prácticas externas e programas de intercambio ao centro responsable dos graos matriz ou a un dos centros responsables dos graos individuais, que se deberán establecer de mutuo acordo. Esta asignación será definitiva e non se poderá compartir nin rotar.

Artigo 5. *A comisión de seguimento*

1. A comisión de seguimento do PAS2G estará formada por:
 - a) A persoa coordinadora do PAS2G, que será a coordinadora do grao que se imparte no centro responsable.
 - b) A persoa coordinadora do outro grao.
 - c) Un representante do equipo directivo por cada un dos centros vinculados ao PAS2G.
 - d) Un representante do estudantado matriculado no PAS2G.
 - e) Unha persoa de cada área académica de estudos de grao dos centros nos que se imparte o programa.
 - f) Outros membros adicionais que se especificarán na proposta.

2. Á comisión de seguimento correspóndelle a supervisión da calidade docente do PAS2G en coordinación coas comisións de calidade do centro ou centros.

Artigo 6. *Coordinación do programa*

As funcións da persoa coordinadora do PAS2G son:

- a) Exercer a representación do PAS2G.
- b) Executar os acordos da comisión de seguimento do PAS2G.
- c) Outras funcións que lle encomende a comisión de seguimento do PAS2G.

Artigo 7. *Prazas do programa*

1. Para o acceso do estudantado, o PAS2G figurará como unha oferta específica e diferenciada.
2. Cada unha das prazas vinculadas ao PAS2G computará segundo a Instrución da Secretaría Xeral de Universidades para a oferta de programas de simultaneidade de graos no Sistema Universitario de Galicia.

Artigo 8. *Planificación das ensinanzas*

1. O itinerario específico non implica a creación dun novo plan de estudos, senón que permite cursar simultaneamente dúas titulacións de maneira que o estudantado, ao rematar os seus estudos, obtén ambos os títulos de grao. Polo tanto, non supón a modificación das memorias verificadas e debe garantirse a obtención de todos os resultados de aprendizaxe e requisitos das dúas titulacións.
2. O itinerario debe incluír obrigatoriamente:
 - a) As materias de formación básica das dúas titulacións, coa excepción dos recoñecementos que correspondan segundo a normativa de recoñecementos de créditos vixente na UVigo, cando ambas as titulacións sexan do mesmo ámbito de coñecemento, segundo o disposto polo RD 822/2021 ou se houbese materias básicas comúns.
 - b) Todas as materias obrigatorias das dúas titulacións, excepto que sexan comúns aos dous plans de estudos ou que poidan ser obxecto de recoñecemento.
 - c) As prácticas externas, no caso de que teñan carácter obrigatorio nalgún dos plans de estudo.
 - d) O traballo de fin de grao de ambas as titulacións.
3. No caso de que existan mencións nos graos individuais, o programa académico deberá incorporar un módulo optativo que comprenda todas as materias e créditos para superar as citadas mencións.
4. Nas titulacións con competencias profesionais, a planificación do PAS2G deberá garantir as correspondentes ordes ministeriais.

5. O cuadrimestre no que se imparte unha materia do PAS2G debe coincidir co cuadrimestre da titulación de orixe, coa excepción das prácticas en empresa ou dos traballos de fin de grao, salvo que teñan grupos independentes na planificación docente anual.

6. Os centros vencellados ao PAS2G garantirán a compatibilidade horaria, o lugar de impartición e as probas de avaliación.

Artigo 9. *Recoñecementos de créditos*

1. As propostas deben incluír unha táboa de recoñecementos automática para todas as materias dos graos que non forman parte da planificación académica do PAS2G.

2. Ademais dos créditos recoñecidos automaticamente, cada estudante poderá solicitar outros recoñecementos acorde coa normativa de recoñecementos das titulacións de grao da Universidade de Vigo.

3. Os recoñecementos de créditos para obter os títulos de grao realizarase unha vez superadas todas as materias do itinerario específico do PAS2G, incluídos ambos os traballos de fin de grao.

Artigo 10. *Guías docentes*

As guías docentes das materias dos programas de simultaneidade deben coincidir coas guías docentes das devanditas materias na titulación correspondente e deben ser idénticas ao establecido nas súas memorias de verificación.

Artigo 11. *Aprobación dos programas*

A aprobación dos programas correspóndelle ao Consello de Goberno, tras o informe da comisión competente en materia de organización académica.

CAPÍTULO II

Xestión académica dos programas de simultaneidade

Artigo 12. *Admisión de estudantes de novo ingreso*

1. A solicitude de admisión de estudantes de novo ingreso para cursar o programa académico de simultaneidade de dobre titulación de grao realizarase polo mesmo procedemento ca para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade de Vigo.

2. Só poderá optar ao programa de simultaneidade o estudantado que reúna os requisitos legais de acceso e admisión para ambos os graos.

3. Para a admisión por recoñecemento de estudos universitarios parciais españois procedentes doutras titulacións distintas ás do programa de simultaneidade, ou por recoñecemento de estudos universitarios realizados no estranxeiro, o citado recoñecemento deberá ser de polo menos 30 créditos no programa académico.

4. Dado que o programa de simultaneidade se introduce de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderá solicitar a admisión para estes estudos:

- a) O estudantado que xa estea a cursar calquera dos dous graos obxecto do programa de simultaneidade. Isto é, para o estudantado que xa iniciase un dos dous graos e desexe cursar de forma conxunta os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade de Vigo sobre simultaneidade de estudos. De xeito excepcional, reservarase unha porcentaxe de prazas para o alumnado que estea a cursar no mesmo centro da Universidade de Vigo calquera dos dous graos obxecto do PAS2G. Esta porcentaxe será, polo menos, do 2% das prazas ofertadas no PAS2G para alumnado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo. A memoria do PAS2G recollerá os requisitos a cumprir por este alumnado.
- b) O estudantado que no momento da admisión estea en posesión do título de graduada ou graduado nunha das dúas titulacións obxecto do programa de simultaneidade. En cumprimento do artigo 5.4 do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, non se poderán expedir dous ou máis títulos universitarios coa mesma denominación.
- c) O estudantado que no momento da admisión estea en posesión do título de diplomada/o, enxeñeira/o técnico, licenciada/o, enxeñeira/o ou equivalente a un dos graos obxecto de simultaneidade.

Artigo 13. Admisión nun programa de simultaneidade de dobre grao desde o mesmo programa impartido noutro(s) centro(s) da Universidade de Vigo

1. O estudantado matriculado nun programa de simultaneidade da Universidade de Vigo poderá solicitar a admisión neste ou no equivalente programa de dobre grao impartido noutro centro/campus da Universidade de Vigo polo procedemento de cambio da xestión do expediente, regulado na normativa vixente e na convocatoria de matrícula do curso académico correspondente.

2. Imputaranse as materias superadas e non superadas coincidentes entre ambos os programas de simultaneidade.

Artigo 14. Admisión nun programa de simultaneidade de dobre grao desde o mesmo ou equivalente programa impartido noutra universidade española

1. O estudantado matriculado nun programa de simultaneidade noutra universidade española poderá solicitar a admisión no mesmo ou no equivalente programa de dobre grao impartido na Universidade de Vigo polo procedemento de admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 créditos do programa,

regulado na convocatoria de matrícula do curso académico correspondente.

2. Recoñeceranse as materias/créditos que procedan, por solicitude da persoa interesada, de acordo co disposto na normativa de transferencia e recoñecemento de créditos.

Artigo 15. *Criterios de matrícula*

1. O estudantado que curse estes estudos deberase matricular de todo o primeiro curso completo. A partir do segundo curso, matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate ou:

- Dun número mínimo de 48 ECTS, agás no caso de que a cantidade de créditos necesaria para rematar o programa de simultaneidade sexa inferior.
- Dun número máximo de 90 ECTS.

2. Para os efectos dos criterios de matrícula máxima e mínima, o estudantado do programa académico de simultaneidade de dobres graos non estará rexido pola Normativa de permanencia e progreso do estudantado da Universidade de Vigo.

3. O estudantado que curse un PAS2G non terá dereito á matrícula a tempo parcial.

4. A avaliación de fin de carreira rexerese polo establecido na convocatoria de matrícula de cada curso académico. O estudantado de PAS2G poderá ser avaliado de fin de carreira cando lle resten como máximo 24 créditos da totalidade do plan de simultaneidade xa matriculados en cursos anteriores. Neste cómputo non se terán en conta os créditos dos traballos de fin de grao, que se poderán matricular por primeira vez.

5. Para poder matricularse dos traballos de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o programa de simultaneidade.

Artigo 16. *Avaliación*

As oportunidades de avaliación das materias realizaranse nas datas determinadas no calendario oficial de cada centro responsable da súa docencia, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo e ao Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Artigo 17. *Requisitos de permanencia*

A permanencia no programa de simultaneidade rexerese polo establecido na Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo.

Artigo 18. *Representación e bolsas*

1. Para os efectos de participación en órganos de goberno, consideraranse estudantes con vinculación ao centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes.
2. Para os efectos de solicitude de bolsas ou axudas, consideraranse estudantes, con carácter xeral, con vinculación ao centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes.

Artigo 19. *Abandono do programa de simultaneidade*

1. Abandono dunha das dúas titulacións para continuar estudos nun dos graos no mesmo centro:
 - a) O/a estudante poderá optar por calquera das dúas titulacións iniciadas, sempre que superase polo menos unha materia do primeiro curso da titulación que vaia cursar, tendo dereito ao recoñecemento de créditos de formación básica superados que correspondan á titulación escollida.
 - b) Imputaranse as materias superadas e non superadas do programa de simultaneidade no grao escollido.
 - c) No caso de que non cumprise os requisitos establecidos no apartado a), poderá acceder por admisión xeral (preinscrición CIUG).
2. Abandono dunha das dúas titulacións para continuar estudos nun dos graos en distinto centro:
 - a) O/a estudante poderá optar por calquera das dúas titulacións iniciadas, sempre que superase polo menos unha materia do primeiro curso da titulación que vaia cursar, tendo dereito ao recoñecemento de créditos de formación básica superados que correspondan á titulación escollida. Unha vez concedido o abandono do programa de simultaneidade, o/a estudante deberá solicitar un cambio de centro para continuar os estudos escollidos no novo centro.
 - b) Imputaranse as materias superadas e non superadas do programa de simultaneidade no grao escollido.
 - c) No caso de que non cumpra os requisitos establecidos no apartado a), poderá acceder por admisión xeral (preinscrición CIUG).
3. Abandono do programa académico de simultaneidade para cursar outra titulación:
 - a) Desagréganse ambos os expedientes.
 - b) Trasládanse ambos os expedientes.
4. Unha vez abandonado o programa de simultaneidade, o estudantado non poderá retomar este ou outro programa de simultaneidade constituído polos

mesmos graos.

Artigo 20. *Anulación de matrícula*

1. Calquera estudante poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispoña a convocatoria de matrícula vixente en cada curso académico.
2. A anulación do programa de simultaneidade non dá dereito a quedar matriculado nunha das dúas titulacións. Para seguir os estudos nunha das titulacións do programa, solicitarase a partir do curso académico seguinte ao de abandono, conforme se indica no artigo anterior desta normativa e na convocatoria de admisión e matrícula correspondente, segundo os estudos realizados.
3. No caso de que resulte admitido algún ou algunha estudante que non cumpra os requisitos establecidos nesta normativa para cursar o programa de simultaneidade, anularase de oficio da súa matrícula.

Artigo 21. *Traslados de expediente*

1. Establécese a posibilidade de que o estudantado da Universidade de Vigo desexe trasladarse nesta, ou a outra universidade, para cursar un programa de simultaneidade equivalente. Nese caso, a secretaría de estudantado de cada centro debe emitir a certificación dos estudos realizados ata o momento.
2. Do mesmo xeito, debe establecerse a posibilidade de que o estudantado doutras universidades españolas que curse un programa de simultaneidade equivalente poida trasladarse á Universidade de Vigo.
3. O número de prazas para traslado desde outro programa de simultaneidade equivalente será, polo menos, o 2 % do total das prazas ofertadas no programa de simultaneidade para estudantado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.

Artigo 22. *Recoñecementos específicos*

1. Ao estudantado que curse o programa de simultaneidade recoñeceránselle os créditos das materias optativas dos graos polos créditos das materias obrigatorias que constan na memoria do programa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materias obrigatorias. Non poderá darse o recoñecemento inverso, é dicir, non serán recoñecidas materias obrigatorias por materias optativas cursadas.

O recoñecemento realizarase polo decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do/a estudante, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que supere o total de créditos correspondente ao plano de estudos do PAS2G, incluíndo os dous traballos de fin de grao.

2. O estudantado que curse o programa de simultaneidade poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de acordo co establecido na normativa de recoñecemento de créditos aprobada na Universidade de Vigo. Este recoñecemento será de ata un máximo de 12 ECTS para un dos graos ou 6 ECTS en cada grao do programa de simultaneidade.
3. O recoñecemento de créditos cursados en títulos propios ou por acreditación de experiencia laboral/profesional soamente terá lugar nun dos graos do programa de simultaneidade. O número máximo de créditos recoñecidos será o fixado na memoria de verificación de cada grao obxecto do programa.
4. O recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias soamente terá lugar nun dos graos do programa de simultaneidade. O número de créditos recoñecidos será o fixado pola Xunta de Galicia no catálogo de recoñecementos entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias de estudos universitarios.
5. O recoñecemento de créditos de formación básica cursados noutros graos realizarase segundo o establecido no artigo 10.9 do Real decreto 822/2021 e na normativa da Universidade de Vigo. Non poderá darse un dobre recoñecemento polas materias de formación básica cursadas.
6. Calquera recoñecemento de créditos fóra do especificado pola normativa vixente é responsabilidade da comisión con competencias en recoñecementos de cada centro.

Artigo 23. *Mencións*

No caso de que algún dos graos obxecto de programa de simultaneidade teña unha ou varias mencións obrigatorias, o estudantado do programa tamén ten a obriga de cursar e aprobar as materias asignadas á citada mención.

Artigo 24. *Traballo de fin de grao*

1. De acordo co establecido no artigo 10.3 do Real decreto 822/2021, non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes ao traballo de fin de grao (TFG), agás os que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade.
2. Polo tanto, cada estudante debe realizar e aprobar dous TFG, cada un dos cales debe acreditar a adquisición do conxunto de competencias conducentes á obtención de cada grao do programa conxunto e deben ter unha duración igual ao TFG do grao de orixe. Ambos os traballos de fin de grao poderán comezar e desenvolverse simultaneamente.

Artigo 25. *Expedición dos títulos oficiais de grao*

1. O estudantado terá dereito a emisión de cada título unha vez superadas todas as

materias do PAS2G, incluídos os dous traballos de fin de grao.

2. Cada estudante deberá solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais, ante os servizos administrativos de cada centro. Pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

3. Os trámites administrativos que se realizarán en cada un dos servizos mencionados serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais na Universidade de Vigo.

Disposición transitoria única

As normativas específicas e as memorias dos PAS2G deberán modificarse para adaptarse a esta normativa antes do curso 2027/2028.

O referente ao capítulo II de xestión académica aplicárase aos programas anteriores a esta normativa, a partir do curso 2026/2027.

Disposición derogatoria única

Queda derogada a Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, aprobada no consello de goberno do 23 de xuño de 2015 e modificada no consello de goberno do 12/02/2016 e do 22/07/2016.

Disposición final primeira

A Universidade de Vigo resérvase o dereito de non ofertar para os seguintes cursos académicos os programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións se a demanda destes estudos non se correspondese coa oferta académica anual. Porén, o estudantado matriculado terá garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos no programa de simultaneidade.

Disposición final segunda

Sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola convocatoria de matrícula correspondente a cada curso académico e pola normativa académica vixente da Universidade de Vigo que resulte de aplicación.

Corresponderalle á Reitoría, ou vicerreitoría en que delegue, interpretar e resolver cantas cuestións xurdan na aplicación da presente normativa.

Disposición final terceira

A presente normativa entrará en vigor o día seguinte da súa publicación.

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
ACADEMICO DE
SIMULTANEIDADE DE DOBRE
GRAO EN _____ E O
GRAO EN _____
(Campus de _____)
Consello de goberno do
_____**

Artigo 1. *Autorización do programa*

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa académico de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico (PAS2G) proposto polas facultades/escolas de _____ e de _____, que permite compaxinar os estudos de Grao en _____ e Grao en _____ mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos plans de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. *Titulacións obtidas*

O estudantado que supere o PAS2G _____ obterá os dous títulos oficiais de Graduada/o en _____ e Graduada/o en _____ pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. *Xustificación da oportunidade do programa académico de simultaneidade*

Memoria xustificativa na que quede constancia da oportunidade da súa implantación e beneficios para o estudantado.

Artigo 4. *Duración do programa*

Terá unha duración de _____ cuatrimestres. O número de créditos necesarios para superar o programa será de _____ ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no anexo I.

Tipo de materia	ECTS
Créditos de formación básica	
Créditos obrigatorios	
Créditos optativos	
Prácticas en empresas	
TFG grao 1	
TFG grao 2	

Artigo 5. *Centro responsable do programa*

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante, así como para a tramitación das bolsas do estudantado, acórdase designar a _____ como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 25 da Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico de Universidade de Vigo para o procedemento de expedición de títulos oficiais.

2. Acórdase designar a _____ como centro responsable das prácticas e empresa do estudiantado do PAS2G.

3. Acórdase designar a _____ como centro responsable dos programas de intercambio do estudiantado PAS2G.

Artigo 6. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade/Escola de _____ e na Facultade/Escola de _____.

2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas coma prácticas, que lle permita ao estudiantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PAS2G e que contribúa a súa integración na vida de cada centro.

3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames, deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do estudiantado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 7. Coordinación do PAS2G

1. Existirá unha persoa coordinadora do PAS2G. A súa elección correspóndelle ao/á _____.

2. Ademais, establecerase un comité de seguimento que deberá respectar a composición paritaria de mulleres e homes e estará formado por _____.

Artigo 8. Número de estudantes

Para o curso académico _____ ofértanse _____ prazas. Cada unha das prazas vinculadas ao PAS2G computa como 0,5 na oferta total de cada un dos graos que forman parte do programa.

Para o curso académico _____ ofértanse _____ para traslado desde outro PAS2G equivalente. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno.

Artigo 9. Normativa

Esta memoria, así como as cuestións non recollidas nela, debe rexerse polo establecido na Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico na Universidade de Vigo, aprobada no consello de goberno do 30 de xullo de 2025.

ANEXO I

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

PRIMEIRO CURSO (indíquese o número) ECTS

Curso 1. Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C1				

Curso 1. Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C2				

SEGUNDO CURSO (indíquese o número) ECTS

Curso 1. Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C1				

Curso 1. Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C2				

TERCEIRO CURSO (indíquese o número) ECTS

Curso 1. Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C1				

Curso 1. Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C2				

CUARTO CURSO (indíquese o número) ECTS

Curso 1. Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C1				

Curso 1. Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C2				

QUINTO CURSO (indíquese o número) ECTS

Curso 1. Primeiro cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C1				

Curso 1. Segundo cuadrimestre				
Código materia	Nome da materia	Carácter	Titulación na que se cursa	ECTS
		FB/OB/OP	Grao 1/Grao 2	
TOTAL C2				

ANEXO II

A) As materias de formación básica do Grao en _____ recollidas na seguinte táboa reconeceranse pola superación das seguintes disciplinas de formación básica do programa de simultaneidade.

Táboa de recoñecementos das materias de formación básica

GRAO 1			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

GRAO 2			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

B) Os créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias ou de formación básica do programa de simultaneidade

Táboa de recoñecementos das materias obrigatorias

GRAO 1			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

GRAO 2			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

Táboa de recoñecementos das materias optativas

C) Os créditos das seguintes disciplinas optativas do Grao en _____ recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do programa de simultaneidade.

GRAO 1			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

GRAO 2			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

ANEXO III

A proposta é resultado da modificación dun programa de simultaneidade existente que establece as seguintes táboas de adaptacións:

Táboa de adaptacións de materias de formación básica

Programa de simultaneidade para modificar			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

Táboa de adaptacións de materias obrigatorias

Programa de simultaneidade para modificar			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

Táboas de adaptacións de materias optativas

Programa de simultaneidade para modificar			PAS2G		
Código materia	Nome da materia	ECTS	Código materia	Nome da materia	ECTS

